

María Canosa protagoniza Biblos Difusión

■ O cuarto número de Biblos Difusión ve a luz no transcurso da feira literaria que se está a celebrar en Carballo e que remata hoxe mesmo. “As tartarugas de verán” da escritora ceense María Canosa, pequeno conto para nenos, é a cuarta aposta desta iniciativa, tralás de Fernández Naval, Xurxo Borrazás e Yolanda Castaño. Ademais do posto que Biblos Clube ten na feira carballesa desenvolveranse ao longo de toda a mañá diversos xogos que terán como premio varias ducias de libros que se sortearán entre todos aqueles que superen con éxito as probas previstas por Galiza Nova.